

CONCURSO

Contos para a Escola de Minas e Enerxía

Contos_eme 2023

2 premios:

- Bacharelato/Ciclo superior FP
150€ + diploma
- Alumnos da Univeridade
150€ + diploma
- 2 accésit
50€ + diploma

axe. Vicecancillería de Comunicación e Relacións Institucionais

Envía os teus relatos antes
do 30 de outubro de 2023

Máis información en:
minaseenerxia@uvigo.es

CONCURSO

Contos para a Escola de Minas e Enerxía

Contos_eme 2023

2 premios:

- Bacharelato/Ciclo superior FP
150€ + diploma
- Alumnos da Universidade
150€ + diploma
- 2 accésit
50€ + diploma



Envía os teus relatos antes
do 30 de outubro de 2023

Máis información en:
minaseenerxia@uvigo.es

Universidade de Vigo

Contos_eme 2023

Dende 1994 a asociación Women's Engineering Society (WES) promove o 23 de xuño como o día internacional da Muller na Enxeñaría. Dende o ano 2022, a asociación International Women in Mining (IWIM) promove o 15 de xuño como Día Internacional da Muller na Minería.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) súmase a estas celebracións e lanza no mes de xullo o seu 2º concurso de microrrelato baixo o título Contos para a Escola de Minas e Enerxía (Contos_EME 2023).

Bases do concurso

1. Os relatos deberán ser orixinais, en lingua galega ou castelá. Serán revisados por programas que detectan si foron escritos con axuda de algoritmos de intelixencia artificial e, de ser así, non serán admitidos no concurso. Deberán empezar coa frase seguinte, segundo o idioma:
"Ela estudiou na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo, e cando nos contou que agora traballa en..."
"Ella estudió en la Escuela de Ingeniería de Minas y Energía en Vigo, y cuando nos contó que ahora trabaja en..."
2. Cada participante so poderá presentar un relato. Deberá ter, sen contar a frase inicial obrigatoria, unha extensión mínima de 200 palabras, máxima de 300 e estar escrito con letra Arial 11 e entreliñado de 1 liña.
3. Categorías
Alumnado matriculado no curso 2023/24 en calquera das modalidades de bacharelato ou en un ciclo superior de formación profesional.
Alumnado matriculado no curso 2023/24 de Grao ou Mestrado na Universidade de Vigo.
4. Entregarase un premio e un accesit por categoría que consistirá en diploma acreditativo, 150 euros para o premio e 50 para o accesit .
5. Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente. Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.
6. Os relatos gañadores do concurso pasarán a ser propiedade exclusiva da entidade organizadora, polo que as persoas premiadas aceptan ceder os seus dereitos, a excepción da autoría.
7. O xurado estará formado por cinco persoas, 3 do centro en representación de profesorado, PAS e alumnado, e dúas serán alleas entre as que haberá un escritor ou escritora.
8. Os relatos deben enviarse, en formato pdf, por correo electrónico a eme.igualdade@uvigo.gal. O asunto do correo electrónico deberá ser "concurso de relatos", e no corpo deberán aparecer os datos de autoría: nome, apelidos, DNI, correo de contacto e o nome do centro de matrícula.
9. O prazo de presentación remata o 30 de outubro de 2023, ás 20h. O premio entregarase na celebración de Santa Bárbara, patroa do centro, na primeira semana de decembro.
10. Os datos persoais só serán coñecidos pola organización, que garante o anonimato durante o proceso de deliberación. Só serán usados para este concurso e non serán comunicados ou cedidos a terceiros.
11. A participación neste concurso implica o coñecemento das bases e, en caso de dúbida, a aceptación da interpretación das mesmas